



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE AGOSTO DE 2010 E CORRECCIÓNS EFECTUADAS EN X.G.L. DE DATA 30-08-10.**

---Contrato: **DE “SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO SISTEMAS INFORMÁTICOS (FEESL)”**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **2 DE SETEMBRO DE 2010**

Vista a proposta da Mesa de Contratación do procedemento para a contratación do subministro de equipamento sistemas informáticos (FEESL), de data 16-08-10.

Visto o expediente tramitado para a nomeada contratación, con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e Sostibilidade Local (FEESL), mediante o procedemento negociado con publicidade.

Vista a documentación administrativa e as ofertas formuladas polas empresas TECNOCOM, S.A. e INFORHOUSE, S.L.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 19-08-10.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de “SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS” (FEESL), por importe de 109.272,00 euros (IVE incluído) á empresa INFORHOUSE, S.L. (CIF B3611280), con arranxo aos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

-
- Informe da Tesourería Municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
 - certificado de Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias.
- certificado de que se atopa ó corrente das súas obrigacións para coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación (excluído o IVE).
- Copia dos contratos de traballo dos TRES traballadores desempregados contratados (aínda que o comezo da relación laboral poda ter unha data posterior á de formalización do contrato de traballo).
- Tarxetas de desemprego dos TRES traballadores desempregados contratados (inmediatamente anteriores a dita contratación).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.
3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.”

A Estrada 2 de setembro de 2010.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.